



# MEMORIA DE XESTIÓN 2018

---

convivencia participación benestar dinamización  
igualdade cooperación barrios reivindicación rural  
comunidade mellorar veciñanza unidade

AGRUPACIÓN DE ASOCIACIONES VECIÑAIS  
DO RURAL E PERIFERIA MIÑO



## AGRUPACIÓN DE ASOCIACIÓNES VECIÑAS DO RURAL E A PERIFERIA “MIÑO”

G32408023

Dende a Agrupación de AAVV do rural e periferia Miño executamos durante 2018 un Plan de Actividades co que intentamos dar resposta as necesidades e intereses dos colectivos veciñais integrados.

Unha proposta de actividade consensuada na Asemblea Xeral da entidade a través do cal intentamos acadar os seguintes obxectivos que concordan cos principios fundacionais da Agrupación recollidos nos nosos estatutos.

Obxectivos acadados co presente Plan de actividades 2018:

- Defender o interese xeral das veciñas e veciños diante das Administracións correspondentes coordinando as actividades das AAVV integradas para unha mellor consecución dos obxectivos propostos.
- Defender a participación veciñal na toma de decisión respecto ó deseño, mellora e implantación de novos servizos equipamentos e infraestruturas.
- Facilitar información, asesoramento e axuda técnica as AAVV integradas na defensa dos pobos e barrios aos que representan, dando prioridade a mellora da calidade de vida e o benestar social.
- Organizar actividades formativas, culturais e lúdicas que fomenten a convivencia entre veciñas e veciños de distintas AAVV como ferramenta de cohesión e unidade veciñal ante reivindicacións presentes e futuras.
- Impulsar proxectos sociais de información, sensibilización e apoio integral en materia de igualdade, envellecemento activo e saúde establecendo acordos de colaboración con outras entidades sociais.
- Promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

A memoria de actividades 2018 da Agrupación Miño estruturámola en tres bloques temáticos:

1. Dinamización Veciñal
2. Reivindicacións
3. Miño en imaxes.



## 1. DINAMIZACIÓN VECIÑAL

Dende a AGRUPACIÓN MIÑO organizamos durante o ano 2018 un conxunto de actividades co obxectivo común de fomentar a cooperación, participación e a convivencia entre veciñas e veciños dos distintos pobos e barrios:

- **CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN.** Puxemos en marcha durante todo o ano, gracias ao acordo entre entidades sociais coa Agrupación Miño, unha serie de campañas informativas e de sensibilización. Esta iniciativa permitiuños en 2018 achegar aos locais sociais das AAVV integradas temáticas do seu interese. Algunha das iniciativas realizadas foron:
  - **“Miño di non a violencia machista”.** Repetimos por segundo ano unha campaña que apostou de xeito decidido pola eliminación de calquera forma de violencia contra as mulleres sensibilizando nas Asociacións Veciñais sobre como actuar ante o mínimo síntoma de machismo. Unha actividade na cal a través de persoas especializadas na materia dende a Agrupación coordinamos para que foran ó local social das AAVV integradas informar sobre as formas de detectar a violencia machista e como actuar ante os primeiros síntomas as veciñas e veciños.
  - **“Diabetes de preto”.** Por primeiro ano en colaboración coa Asociación Diabética Auria achegamos información sobre a diabetes e hábitos de vida saudable as AAVV que o soliciten. Unha actividade na cal a través de persoas especializadas na materia dende a Agrupación coordinamos para que foran ó local social das AAVV integradas informar sobre a diabetes as veciñas e veciños.
  - **Convivencia con mascotas.** En colaboración coa Asociación de Propietarios de Mascotas APMOU apostouse por primeiro ano pola concienciación e sensibilización para a convivencia coas mascotas en especial nas zonas verdes e espazos públicos. Unha actividade na cal a través de voluntarios de APMOU foron ó local social das AAVV integradas que solicitaron a actividade informar sobre benestar animal e convivencia cívica nos espazos públicos coas mascotas.
- **IX ANDAINA VECIÑAL.** Realizouse o día 17 de marzo polas marxes do río Miño, coa participación de 102 persoas, 63 adultos que pagaron 2 euros e 9 invitados e 30 nenos gratis, os que se lle agasallou antes da saída cun detalle consistente nunha gorra co anagrama da agrupación.



## AGRUPACIÓN DE ASOCIACIONES VECIÑAS DO RURAL E A PERIFERIA “MIÑO”

G32408023

Deuse a saída as 11:00 horas no campo da feira e fixérонse dos percorridos distintos:

- Curto de 7 quilómetros, dirixido a persoas maiores e nenos, dende o Campo da Feira, Oira, pasarela de Oira, Parque Miño, pasarela centro comercial, A Chavasqueira e chegada o campo da feira.
- Largo de 15 quilómetros, dende o Campo da Feira, Oira, pasarela de Oira, Parque Miño, Outairiz, O Tinteiro, A Chavasqueira e chegada o Campo da Feira.

A andaina descorreu sen incidencias, bo tempo e temperatura agradable, chegando tódolos participantes a liña de meta; no percorrido houbo 2 puntos de avituallamento abicados en Outairiz e a pasarela de Oira, neles repartíronse auga e froita. Unha vez terminada a andaina as 13:30 horas, convidouse a tódolos participantes a un almorzo campestre no propio campo da feira, a base de empanada, tortilla, xamón asado, queixo embutidos, viño cervexa e refrescos.

A Andaina foi subvencionada polo **Concello e Deputación de Ourense**

- **VIAXE CULTURAL** Realizouse o sábado día 7 de Abril en autocar, a vila de Braga (Portugal), para coñecer a súa riqueza cultural e paisaxística, saíuse as 8:00 horas dende os puntos que fixaron as asociacións veciñais participantes. Realizamos unha parada de media hora na Cañiza no restaurante “Os do Resero” para almorzar, as 11:15 horas chegamos a Braga, onde os participantes visitaron o Sameiro e o santuario do Bon Xesús ata as 13:30 horas que emprendemos viaxe para xantar. As 14:15 horas xantamos no restaurante “Solar de Sant’ Ana”, pola tarde deuse tempo libre para visitar o casco antigo de Braga, ata as 19:30 horas que emprendemos regreso os puntos de partida. O número de asistentes foi de 254 persoas, 244 adultos e 6 rapaces que colaboraron con 25 e 10 euros respectivamente para pagar o almorzo na Cañiza e o xantar en Braga.  
O viaxe foi subvencionado polo **Concello e Deputación de Ourense**.

- **IX CONVIVENCIA VECIÑAL** Celebrouse o dia 19 de maio, no recinto do campo da feira a partir das 13:30 horas, cunha participación de 497 persoas, repartidas do seguinte forma: 407 de pago, 66 rapaces e 24 invitados, entre autoridades, concelleiros e medios de comunicación, asistiron concelleiros do grupo de goberno e da oposición. O xantar comezou as 14:30 horas, o menú consistiu polbo a feira, carne o caldeiro, bica, viño e licores. As 16:30 horas tivemos a actuación dun grupo musical e procedeuse o sorteo de 3 xamóns, finalizamos pasadas as 18:00 horas. As entradas cobraronse a 15 euros para os adultos e a 10 para os rapaces maiores de 10 anos, o remate do xantar regalóuselle un detalle a cada participantes consistente nunha tarteira de barro, co anagrama da agrupación. A convivencia foi subvencionada polo **Concello e Deputación de Ourense**.

- **OBRADOIROS PARTICIPATIVOS** Durante todo o ano desenvolveremos no local social diversos obradoiros participativos que ademais de forman fomenten a participación e convivencia das veciñas e veciños do rural e periferia. Uns obradoiros entre os que destacaran:



## AGRUPACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAS DO RURAL E A PERIFERIA “MIÑO”

G32408023

- **Curso de poda:** A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas de poda en tódalas variedades de arbores frutais. a duración do mesmo foi de 10 horas. **Participantes:** 30 alumnos, os que se dotou dunha carpeta coa documentación necesaria para o seguimento do curso. **Clases teóricas:** Impartíronse na sede social pola academia “Rúa Nova”, de 18:00 a 20:00 horas, os días 6, 8, 13 e 15 de marzo. **Clase practica:** Impartíronse nunha finca das Corregas (Barbadás) de 17:00 a 19:00, o día 20 de marzo, o desprazamento foi en autocar con saída da Alameda as 16:30, a finalización sorteáronse entre os alumnos 15 sérrochos e 15 tixeiras de poda. **Custo:** O curso foi gratuito, subvencionado polo **Concello de Ourense.**
- **Curso de enxerto.-** A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas de enxerto en tódalas variedades de arbores frutais. a duración do mesmo foi de 10 horas. **Participantes:** 30 alumnos, os que se dotou dunha carpeta coa documentación necesaria para o seguimento do curso. **Clases teórico-practicas:** Impartíronse na sede social pola academia “Rúa Nova”, de 18:00 a 20:30 horas, os días 22, e 27 de marzo e 3 e 5 de abril. **Custo:** O curso foi gratuito, subvencionado pola **Deputación de Ourense.**
- **Curso de contabilidade:** O obxectivo do mesmo e que os participantes adquiriran coñecementos basicos de contabilidade para asociacións e habilidade no manexo de excel, a duración do mesmo foi de 20 horas. **Participantes:** 15 directivos das asociacións integradas. **Clases:** Impartíronse na sede social pola academia “Rúa Nova”, de 18 a 20:30 horas os martes e xoves dende o 8 de maio ata o 1 de xuño. **Custo:** O curso foi gratuito, subvencionado polo **Concello de Ourense**
- **Curso de conservas:** A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran coñecementos de preparación e envasado de conservas. **Participantes:** 30 veciños. **Clases:** Impartiuse na sede social pola academia “Rúa Nova” os días 24 e 25 de maio de 18:00 a 20:30 horas, na sede social, cunha duración de 10 horas. **Custo:** O curso foi gratuito, subvencionado polo **Concello de Ourense.**
- **Cursos de arte floral:** A finalidade dos cursos e que os participantes no mesmo, adquiran técnicas en arte floral, construcción de ramos, coronas, etc. **Participantes:** 60 veciños, distribuídos en dous cursos. **Clases:**
  - 1º curso.- Impartiuse na sede social pola academia “Rua Nova” os días 18 e 19 de setembro de 18:00 a 20:30 horas, cunha duración de 5 horas.
  - 2º curso.- Impartiuse na sede social pola academia “Rua Nova” os días 9 e 10 de outubro de 18:00 a 20:30 horas, cunha duración de 5 horas. **Custo:** Os curso foron gratuitos, subvencionados polo **Concello e Deputación de Ourense**



## AGRUPACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAS DO RURAL E A PERIFERIA “MIÑO”

G32408023

- **XUNTANZA NADAL.** Realizouse o día 5 de decembro no Liceo, Tratase de render homenaxe a unha persoa por asociación integrada, pola sua contribución o movemento veciñal, coa entrega dunha placa conmemorativa a actuación de María do Ceo e uns pinchos para despedir o ano. Os actos foron subvencionadas polo **Concello e Deputación de Ourense**.
- **ESPAZO VECIÑAL.** Impulsamos o noso local social como un espazo de encontro, convivencia e debate colaborando coas actividades de aquelas iniciativas sociais que necesiten un lugar de reunión para desenvolver as súas actividades. Un espazo no que combinamos Obradoiros participativos coa realización de Asambleas Veciñais e diversos faladoiros e xuntanzas de traballo con outras entidades sociais da cidade xerando un espazo de participación e debate sobre as temáticas que afecten as veciñas e veciños.
- **I EDICIÓN.PALILLEIRAS DO MIÑO.** Organizamos por primeiro ano unha xuntanza de Asociacións Veciñais para compartir afección e experiencias entorno ao Encaixe de Bolillos. Tivo lugar no campo da feira e conseguimos reunir a un total de 14 Asociacións Veciñais de Ourense.
- **ASAMBLEAS INFORMATIVAS.** A raíz das propostas das Asociacións Veciñais integradas realizamos diversas Asembleas Abertas na que persoas especializadas abordaron temáticas de interese. Entre as temáticas abordadas en 2018 estiveron:
  - Charla sobre a delimitación dos núcleos rurais no PXOM, para que as vivendas non queden fora de ordenación, impartida polo noso asesor de xurídico no mes de setembro.
  - Charla sobre a certificación dixital de representación, necesaria para os trámites coas distintas administracións, impartida por Aurianet nos mes de outubro.
  - Charla sobre as obrigas tributarias das asociacións veciñais con facenda, impartida por unha técnica da Axencia Tributaria no mes de novembro.
  - Charla sobre o Compostaxe doméstico en colaboración con SOGAMA.

## 2. REIVINDICACIÓN

Leváronse durante o ano unha serie de reunións cos responsables políticos das distintas administracións, para explicarlle os nosos obxectivos e reivindicacións acordados nas Asamblea Xeral realizada a inicio de ano:

### CONCELLO:

- **XANEIRO-2018.-** Solicitouse unha reunión urgente co Alcalde o día 17 de xaneiro, para explicarlle a decisión da asemblea xeral de 15 de xaneiro, de convocar outra



## AGRUPACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAS DO RURAL E A PERIFERIA “MIÑO”

G32408023

concentración o día 2 de febreiro que se desconvocaría se somos recibidos antes desa data, a este acordo sumouse a federación Limiar.

- **FEBREIRO-2018.-** Solicitouse unha reunión co alcalde o día 25 de xaneiro, celebrouse o 5 de febreiro as 17:30 horas na alcaldía, asisten:  
**Concello:** Alcalde, concelleiros de: facenda e Infraestruturas. **Agrupación:** Lorinda Fernández, Manuel Solveira, José Manuel García, Rafael Gómez e Sara Rial, na que se tratan os seguintes temas:
  - Participar de forma directa nas propostas de elaboración das bases de subvencións para o 2018.
  - Que todas as liñas de subvencións para as asociacións veciñas dependan directamente da concellería de Participación que serán as seguintes:
  - Liña de subvención para festas patronais cando a organicen as asociacións veciñas (antes levaba Cultura).
  - Liña de subvencións en especie para actos festivos (antes levaba Cultura).
  - Liña de subvencións para actividades culturais (antes levaba Cultura e no 2017 non nos deixaron participar)
  - Liña de subvencións para equipamentos (levaba 3 anos pechada).
  - Liña de subvencións para actividades (a de sempre)
  - Liña de subvencións en especie para aluguer de locais para as asociacións veciñas.
  - Liña de subvencións para reforma de locais de propiedade municipal cedidos as asociacións veciñas.
- **MARZO-2018.-** Convocase por parte do alcalde, unha reunión que se celebra o 12 de marzo de 2018 as 17:30 horas na alcaldía, asisten:  
**Concello:** Alcalde, concelleiros de: facenda e Infraestruturas. **Agrupación:** Lorinda Fernández, Manuel Solveira, José Manuel García, Rafael Gómez e Sara Rial, na que se tratan os seguintes temas:
  - **Orzamentos 2018.-** Procedese por parte do Alcalde e a concelleira de facenda a darnos unha explicación dos orzamentos para o ano 2018, que os levarán a pleno antes de maio condicionados a unha moción de confianza. Explicáronsenos as partidas de participación cidadá, onde o apartado de subvencións sube de 50.000 a 65.000 euros, non chegando os 80.000 acordados na última reunión como compensación as actividades culturais que saíron de cultura e a perda das subvencións do ano 2017.



## AGRUPACIÓN DE ASOCIACIONES VECIÑAS DO RURAL E A PERIFERIA “MIÑO”

G32408023

Comprometéronse a que se non dan aprobado os orzamentos antes do mes de xuño, levarían a pleno unha modificación de crédito para o pago dos distintos convenios.

- **MARZO-2018.-** Solicitase audiencia co Alcalde o día 2 de marzo de 2018, celebrase o día 26 de marzo de 2018 as 17:00 horas na alcaldía, asisten: Concello: Alcalde, concelleiros de: participación cidadá, facenda e urbanismo. Agrupación: Lorinda Fernández, Manuel Solveira, José Manuel García, Manuel Fernández e Sara Rial, na que se tratan os seguintes temas:
  - **PXOM.-** Tal e como se quedara na reunión do outono pasado, preguntóuselle sobre como se encontra a petición realizada sobre a aplicación da lei 8/2013 e o decreto 66/2016 de regulamento xeral de estradas de Galicia; para converter en tramos urbanos aqueles que atravesen os distintos núcleos rurais do Concello de Ourense e así as vivendas afectadas poidan quedar dentro de ordenación no PXOM.  
**Contéstanos o concelleiro de urbanismo, que se realizará un estudio sobre os costes para que os citados núcleos contem con alienacións marcadas para sometelas posteriormente a informe favorable por a administración titular da estrada.**
  - **Plan de obras.-** Despois de ter reunións co concelleiro de infraestruturas e co voceiro do PSOE, sobre como se ían desatascar as obras do plan de inversions (1ª fase 12 millóns 2016-2017) que quedaron sen realizar por falta de tempo e as da (2ª fase 8 millóns) que se ían desenvolver no ano 2018. Solicitamos do grupo de goberno:  
1º.- Se leve a pleno unha modificación de crédito polo importe das obras que quedaron sen executar da primeira fase no ano 2017. 2º.- Se leve unha segunda modificación de crédito de 8 millóns de euros para executar as obras que estaban previstas para a segunda fase (2018).  
**Contestásenos que se prepararán ambos expedientes de modificación de crédito para levalos a pleno o mais pronto posible**
- **Convenios.-** Debido o sucedido en anos anteriores e sobre todo no ano 2017, que se asinou o convenio o 29 de decembro que áínda non se cobrou, deixando dunha forma caótica a tesoureira da agrupación, tendo que negociar cos provedores o pago das facturas, solicitamos o grupo de goberno, que se non se da levado o presuposto a pleno para a sua aprobación ou se esta nos se produce antes do pleno de xuño, se leve a pleno unha modificación de crédito para asinar estes convenios no mes de xuño.



## AGRUPACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAS DO RURAL E A PERIFERIA “MIÑO”

G32408023

Contéstanos a concelleira de facenda, que o proxecto de presupostos levarase a pleno antes do mes de xuño cunha moción de confianza para poder aprobalos.

- **Declaración de utilidade pública.**- Levamos esperando mais de seis anos dende que algunas asociacións presentamos a solicitude de declaración de utilidade pública, que esta contemplada no artigo 34 do regulamento orgánico de participación cidadá, creemos nos beneficia a todos e non entendemos por que non se leva a pleno, se é por falta de informes, que sería moi grave ou por falta de vontade política; en todo caso solicitamos do grupo de goberno que realice as xestión precisas para que con carácter de urxencia se leve esta declaración a pleno, de non ser así e visto que se propuxo silencio administrativo, iríamos a un contencioso. **Contéstanos o Alcalde que unha vez se resolva por parte do xefe de servizo de participación o plan estratéxico de subvencións e as bases, daralle a orde de que informe sobre as solicitudes presentadas.**
- **Taxas por ocupación de espazos e edificios municipais.**- Visto o que esta sucedendo, que o Concello esta cobrando taxas por ocupación de espazos públicos as asociacións sen animo de lucro, recordarle o Alcalde o seu compromiso asumido o 1 de outubro de 2016, de non cobra taxas as asociacións mentres non estea arranxado a declaración de utilidade publica e a reforma da ordenanza de taxas. **Contéstanos o concelleiro de participación que de momento non se están cobrando.**
- **MAIO-2018.**- Solicitud de reunión urgente co alcalde o día 16 de maio, en cumprimento o acordo unánime da xunta de goberno de 8 de maio de 2018 como consecuencia da lentitude en dar solución os temas tratados na última reunión
  - Plan estratéxico, bases de subvención e convenio de colaboración.
  - Utilidade pública, taxas e regulamento de participación cidadá.
  - Plan de obras, modificacións de crédito.
- **XUÑO-2018.**- Solicitud de audiencia publica o día 29 de xuño, independentemente de cando o goberno municipal fixe a reunión e poidamos asistir ou non, o que si vamos a fazer e cambiar o formato da solicitude de reunións, utilizando a formula recollida no artigo 23 do regulamento de participación cidadá, solicitando unha audiencia pública cos mesmos puntos a tratar que na citada reunión



## AGRUPACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAS DO RURAL E A PERIFERIA “MIÑO”

G32408023

- Plan estratégico, bases de subvención e convenio de colaboración.
- Utilidade pública, taxas e regulamento de participación cidadá.
- Plan de obras, modificacións de crédito.

### Reunións Deputación

- **MAR -2018.-** Solicitouse audiencia co Presidente o día 2 de marzo, celebrase o día 26 de marzo as 18:00 horas na sala de xuntas da Deputación, asisten :

**Deputación:** Vicepresidente.**Agrupación:** Lorinda Fernández, José Manuel García, na que se tratan os seguintes temas:

- **Subvencións as Federacións e Agrupacións.-** Expúxoselle o vicepresidente o seguinte:
  - Necesidade de aumentar a cantidad de subvención dos 50.000 euros actuais a 75.000 euros.
  - Apurar os trámites administrativos para que as subvencións estean concedidas antes do mes de xuño.
  - Por nas bases un tope de presupuesto que non supere os 60.000 euros.

Contéstanos que con respecto o primeiro punto consultaría o presidente e estudiariáse esa posibilidade; con respecto o segundo punto daría as ordes oportunas para que así se faga e con respecto o terceiro punto estudiariáse esa posibilidade e a forma de metelo nas bases para o ano 2019.

- **Subvencións as asociacións.-** Expúxoselle o vicepresidente o nos solicitaban a maior parte das 21 asociacións que conforman a Agrupación:
  - Solicitase que con carácter xeral as subvencións estean concedidas antes do mes de xuño.
  - Que se aumente dos 150.000 os 200.000 euros a cantidad destinada as subvencións para actividades culturais e recreativas.
  - Baixar de 1.500 a 1.000 euros o importe mínimo dos proxectos, ou dar a posibilidade de que un dos tres proxectos sexa de 1.000 euros.

O igual que no apartado anterior, contéstanos que con respecto o primeiro punto consultaría o presidente e estudiariáse esa posibilidade; con respecto o segundo punto daría as ordes oportunas para que así se faga e con respecto o terceiro punto estudiariáse a posibilidade de que un dos tres o mínimo sexa de 1.000 euros.



AGRUPACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAS  
DO RURAL E A PERIFERIA “MIÑO”  
G32408023

José Manuel García Casares, con D.N.I. número 34936024J, en calidad de secretario da Agrupación de AA.VV. do Rural e Periferia do Concello de Ourense.

CERTIFICO: Que a presente Memoria de Xestión 2018, foi aprobada por unanimidade, en sesión ordinaria da Asemblea Xeral do dia 21 de Febreiro de 2019; e subida a paxina web da Agrupación, “agrupacion minho.com” en cumprimento da lei 1/2016 de 10 de xaneiro de Transparencia e bon Goberno.

E para que así conste, asino o presente o día vintedous do mes de Febreiro de dous mil dezanove.

Asinado:

O Secretario.  
Jose Manuel García Casares.

Visto e prace:



A Presidenta.  
Lorinda Fernández Faria.